



## **Programa PROA**

O programa pretende potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades; axudarlle na formación do seu autoconcepto e na súa integración social; facilitar a continuidade na progresión da acción educativa; incrementar a relación e a comunicación coas familias, favorecendo así a súa implicación no desenvolvemento dos seus fillos e das súas fillas, etc.

Persegue, ademais, a mellora do clima do centro e da convivencia nas aulas, porque un alumnado motivado para afrontar o estudo e as aprendizaxes diarias, un profesorado comprometido coa súa labor e unha familia implicada coas actividades escolares son, sen dúbida, a clave do éxito escolar e esta é a súa finalidade última: **contribuír ao incremento da taxa de éxito escolar.**

Estrutúrase en dúas modalidades:

- acompañamento escolar, dirixido ao alumnado de primaria (2º e 3º ciclos) e ao dos cursos de secundaria obrigatoria
- apoio escolar, dirixido só aos centros que imparten esta etapa obrigatoria de secundaria.

Cada unha destas modalidades presenta unhas características propias:

### **Modalidade de acompañamento escolar en centros de educación primaria e secundaria**

É unha acción dirixida ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, pobre integración no grupo e no centro, aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais e que por diversos motivos non pode recibir o apoio e reforzo que precisa no seo da súa familia (aínda que exista a vontade de facilitar esta axuda).

Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar ao estudo e propoñer formas de traballo eficaces.

En cada centro pode haber un ou varios grupos de alumnado destas características, sempre e cando o grupo conte cun mínimo de 10 e un máximo de 15 alumnos/as. A selección do alumnado realízase o equipo docente baixo a coordinación da Xefatura de Estudos, co asesoramento do/a xefe/a do Departamento de Orientación do centro. Non obstante, para a eficacia do proxecto é fundamental o liderado activo do equipo directivo e a súa implicación manifesta diante da comunidade educativa.



En liñas xerais, cada grupo está ao cargo dun profesor ou profesora, que realiza o acompañamento fóra do horario lectivo do centro, dous días na semana, en módulos de dúas horas.

Un profesor ou profesora do centro desenvolve as labores de coordinación entre as partes: profesorado titor, profesor acompañante, alumnado, familias, equipo directivo, departamento de orientación,...

As familias previamente dan o seu consentimento por escrito á participación dos seus fillos e fillas no programa, considerando a asistencia e permanencia, dalgunha maneira, como un compromiso en firme, do que en gran medida depende o éxito do programa. Así mesmo, comprométese no apoio e na motivación ás actividades que se desenvolven no programa durante a duración do mesmo.

## **Modalidade de apoio en centros de educación secundaria**

Esta modalidade vai dirixida a optimizar o funcionamento e os resultados dos centros no seu conxunto, mellorando os resultados educativos tanto na cantidade como na calidade das aprendizaxes, así como na integración escolar do alumnado.

Funciona en base a programas dirixidos a diferentes ámbitos: alumnado, familias e contorno, con diferentes liñas de traballo, que se detallan:

### *I. Atención directa ao alumnado:*

- I.I. Transición da educación primaria á educación secundaria.
- I.II. Reforzo educativo complementario.
- I.III. Bibliotecas escolares.
- I.IV. Convivencia escolar.

### *II. Intervención coas familias:*

- II.I. Colaboración entre as familias e o centro educativo.
- II.II. Mediadores socioeducativos.

### *III. Relación co contorno:*

- III.I. Actividades extraescolares.
- III.II. Absentismo escolar.

Os centros que se incorporan por primeira vez escollen dúas liñas de traballo de entre as que se ofertan no ámbito do alumnado, e unha liña en cada un dos restantes. Presentan un proxecto no que establecen os obxectivos que se formulan co programa e o xeito de organizarse para acadar eses obxectivos.

Ademais dos recursos económicos cos que contan os centros participantes, a Consellería pon á súa disposición materiais e recursos, tanto para a xestión como para o desenvolvemento do programa.

O servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa da Consellería desenvolve as funcións de asesoramento e seguimento do programa.